

# Auga: cuestións que deberían calar

Coñecer as diversas características da auga pode axudar a conservar mellor este recurso natural

A auga non é un recurso escaso. As inundacións non teñen por que ser catastróficas. España, líder mundial en presas e desalgadoras, volverá ter seca. A auga embotellada non sempre é mellor cá da billa. A agricultura lévase o 70% do consumo total e a auga subterránea atende o 30% dos abastecementos urbanos e industriais. Son algunhas cuestións que quizais non todos os consumidores saiban sobre a auga. Coñecerlas pode axudar a concienciarse e seguir diversos consellos para consumir a auga de forma máis sustentable.



## 1 A auga non é un recurso escaso

Segundo as Nacións Unidas, un de cada seis habitantes do planeta non dispón de auga limpa e un de cada cinco carece dunha simple latrina onde aliviar as súas necesidades. Coa tendencia actual no consumo de auga, en 2025 dúas de cada tres persoas sufrirá estrés hídrico (deterioro na cantidade e na calidade do auga). Malia estes datos, os expertos subliñan que o problema é a mala xestión, porque hai auga suficiente para todos. A UNESCO calcula que cada persoa necesita de 20 a 50 l de auga limpa ao día para asegurar as súas necesidades básicas (beber, lavarse, coñar e saneamento). Os responsables desta institución da ONU estiman que lograr 50 l diarios para todos os habitantes do planeta en 2015 supoñería menos do 1% da cantidade de auga utilizada na actualidade.

## 2 A auga é moito máis que un recurso hidráulico

A auga non só serve para saciar a nosa sede, regar os campos ou xerar enerxía hidráulica. É un elemento básico para o bo estado da natureza, da biodiversidade, para os ríos e lagos, para os terreos húmidos e as choivas, para os glaciares etc. e, por iso, tamén para os

seres humanos. Este aspecto esencial da auga debería terse tamén en conta ao se xestionar.

## 3 As inundacións non terían que ser catastróficas

As inundacións son unha catástrofe moi estendida e daníña. En Europa encabezan a clasificación das maiores perdas económicas: entre 1998 e 2009 rexistráronse 213 inundacións que provocaron 1126 mortos e unhas perdas de 52.172 millóns de euros, segundo un informe da Axencia Europea do Medio Ambiente (AEMA). Con todo, as inundacións son fenómenos naturais, con elas a auga reivindica o seu espazo vital. O realmente catastrófico é construír en zonas inundables. A Directiva europea de avaliación e xestión do risco de inundación ou os mapas de risco son algunhas ferramentas para minimizar estes danos.

## 4 A seca é un fenómeno natural e cíclico

España sufriu nos últimos anos varias secas. Este fenómeno forma parte do clima mediterráneo na Península Ibérica e rexístrase de forma cíclica, aínda que non se pode predicir en que data concreta se produciría. De novo, o problema non é tanto que se produzan, senón como se xestionan.

## 5 A auga embotellada non é mellor cá da billa

O consumo de auga embotellada medrou de xeito espectacular nos últimos anos. Convén recordar que a extracción, envasado, transporte e posterior eliminación deste produto provoca diversos impactos medioambientais que os consumidores poden evitar. Desde o Instituto Xeolóxico e Mineiro de España (IXME) recordan que España é un país onde, agás algún caso esporádico e excepcional, non hai que temer pola calidade da auga para o abastecemento urbano. Outra cuestión é que a auga poida resultar máis ou menos agradable ao padal.

## 6 España está á cabeza mundial en presas e desalgadoras

España é o primeiro país do mundo en número de presas por habitante e por quilómetro cadrado e o quinto en cifras absolutas, cunhas 1.300, logo de China, EE. UU., Xapón e India. Ademais da súa función de reservas de auga, as presas españolas producen o 18,5% da electricidade. Mentres os seus defensores sosteñen que fan falta máis, os seus detractores recordan os seus inconvenientes medioambientais e outras alternativas máis ecolóxicas.

Doutra banda, España ten en marcha un programa para desalgar auga mariña por osmose inversa máis importante do mundo. Grazas ás desalgadoras logrouse garantir o abastecemento urbano ata nas zonas máis expostas á seca, mais algúns expertos sinalan que cos seus inconvenientes non son a panacea para os problemas da auga e aconsellan non abusar dese método.

## 7 A agricultura é a actividade que máis consome e perde auga

En todo o mundo, ao redor do 70% do subministro de auga destínase á agricultura e o resto compárteno a industria, os fogares e o medio ambiente, segundo os datos do Programa de Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA). Case o 60% da auga utilizada na rega pérdese pola escorrentía (auga de choiva que discorre pola superficie dun terreo) ou ben porque se evapora antes de chegar á planta, segundo un informe da UNESCO. Polo tanto, unha resposta á escaseza da auga podería ser a mellora do regadío. Segundo o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño (MARM), máis do 60% dos regadíos españois melloraron a súa eficiencia.

## 8 A auga subterránea non se ve, pero tamén se usa

Os acuíferos son formacións xeolóxicas subterráneas que permiten o fluxo e a extracción da auga do subsolo e, en España, atenden o 30% dos abastecementos urbanos e industriais e o 27% da superficie de regadío, segundo os datos do *Libro blanco del agua en España*. A contaminación por vertidos de residuos incontrolados e a sobreexplotación destes poñen en risco a súa continuidade.

## 9 Os consumidores poden aforrar auga real e virtual

Unha vez coñecidas algunhas destas cuestións sobre a auga, o seguinte paso para os consumidores é concienciarse mediante diversos consellos para aforrar tanto na casa coma no xardín ou instalar sistemas que aproveitan a auga de choiva ou reutilizan as augas grises da cociña, dos lavabos, do cuarto de baño etc. Ademais de aforrar na auga "real", os consumidores tamén poden reducir o gasto na denominada "auga virtual", a cantidade empregada en elaborar, empacar e transportar os produtos de consumo.

✚ [www.consumer.es](http://www.consumer.es)